



BASES GALA DO DEPORTE

OBXECTO

A Concellería de Deportes do Concello de Redondela plantexa premiar anualmente a aqueles deportistas, persoas físicas, entidades, clubs, etc...do municipio, que destacasen de maneira especial entre cada convocatoria.

O Concello de Redondela convocará cada dous anos a través da Concellería de Deportes a "GALA DO DEPORTE REDONDELÁN", para distinguir ás persoas e entidades que máis destacasen pola súa contribución e promoción do deporte da localidade.

O obxecto principal deste evento é recoñecer publicamente o esforzo, dedicación, sacrificio e, en definitiva, os propios valores que o deporte comporta, así como que sexa clara referencia para incentivar aos máis pequenos e a poboación en xeral para a práctica do deporte.

PREMIOS

Categorías

- Mellor deportista masculino
- Mellor deportista feminina
- Mellor deportista promesa masculino
- Mellor deportista promesa feminina
- Mellor equipo de Redondela
- Mellor educador/a, monitor/a, adestrador/a
- Mellor deportista na categoría de deporte adaptado

Os premiados deberán realizar a actividade deportiva nun club legalmente constituído no Concello de Redondela.

No caso dos promesas, non ter cumprido máis de 18 anos o día da gala, e non ter recibido xa o mesmo premio nesta categoría.

RECOÑECIMENTOS ESPECIAIS

- Ao mérito deportivo
- Entidade colaboradora ou patrocinadora

Serán candidatos ao mérito deportivo aquelas persoas, onde a súa traxectoria no deporte, así como a súa promoción, difusión e transmisión de valores, sea digna de mención, e que a mesma, estea vencellada ao Concello de Redondela en todo momento.



Poderán ser candidatos aquelas entidades que patrocinaran ou colaboraran con clubs ou deportistas no Concello de Redondela.

CANDIDATURAS

As candidaturas deberán presentarse dentro dos prazos de presentación previstos na convocatoria. O prazo para a presentación de candidaturas será dun mes antes da data da “GALA DO DEPORTE REDONDELÁN” (11 de outubro do 2018).

As propostas de nominados deberán entregarse no Rexistro do Concello de Redondela, xunto cunha instancia xeral e presentando a documentación que se considere acreditativa dos méritos deportivos que alegan en cada premio que presentan.

As candidaturas poden ser propostas por calquera persoa física ou xurídica do concello (directamente ou a proposta de calquera entidade, só unha candidatura por categoría).

Os clubs legalmente constituídos no Concello de Redondela, só poderán presentar un candidato por cada unha das categorías.

Os premiados serán elexidos polo xurado entre as propostas presentadas en prazo.

No caso de que este xurado non considere merecedores dos premios a ningún candidato, poderaos declarar desertos.

Un membro do xurado vencellado directamente con algunha das candidaturas, non poderá votala, absterase de participar na deliberación e no razoamento desta. Así mesmo, deberase cumprir o previsto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Realizarase unha fase previa, onde cada un dos membros do xurado, elixirá a 5 candidatos por categoría. No caso de empate entre candidatos, a votación será só cos implicados. De seguir a igualdade, prevalecerá o voto de calidade do presidente do xurado.

Nunha segunda fase, o procedemento de elección será o seguinte: cada membro do xurado seleccionará a tres candidatos de cada categoría, segundo os seus méritos e deberá asignar a estes, un, dous ou tres puntos. As candidaturas con maior puntuación serán as gañadoras. No caso de empate en calquera das modalidades, realizarase unha nova votación para as candidaturas igualadas, no caso de persistir o empate prevalecerá o voto de calidade do presidente do xurado.

A secretaria do xurado encargarse de redactar a acta final, onde se especificarán os méritos que concorren en cada unha das modalidades dos premios, debendo asinala xunto co presidente do xurado.

XURADO

O Xurado estará composto por:

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894



- Presidente: concelleiro de deportes.
- Secretaria: funcionaria de deportes.
- Vogais: Un representante por cada un dos clubs legalmente constituídos no Concello de Redondela (deberán acreditarlo) que de maneira voluntaria queiran participar, así como persoas vinculadas ao deporte que polos seus coñecementos poidan avaliar as propostas presentadas.

PUBLICACIÓN

As presentes bases serán publicadas na páxina web do Concello de Redondela.

DATA GALA

Martes, 11 de outubro do 2018, ás 20:30 horas.

LUGAR

Pavillón Municipal A Marisma Redondela.